



## Concello de Guitiriz

---

### **ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DIA 28 DE XULLO DE 2016**

Na Vila de Guitiriz, cando son as 19.30 horas do día 28 de xullo de 2016, reúnen no Salón de Sesións deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os membros integrantes do Concello en Pleno que a continuación se relacionan, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa dona Regina Polín Rodríguez, asistido por min, don Rafael del Barrio Berbel, secretario. Asiste tamén o interventor municipal don Juan Antonio Rey Rivas.

#### ASISTENTES:

##### Presidencia:

Dona Regina Polín Rodríguez, Grupo Socialista.

##### Concelleiros:

Dona Laura Ageitos Miragaya, Grupo Socialista.

Don Carlos Plácido Buján López, Grupo Socialista.

Don Pedro Pérez Fanego, Grupo Socialista.

Don José Manuel Saa Devesa, Grupo Socialista

Don Daniel Díaz Méndez, Grupo Socialista.

Don Xosé María Teixido Núñez, Grupo Popular.

Don Roberto Sanmartín Barro, Grupo Popular.

Don Francisco José Penas Pardo, Grupo Popular.

Dona María Manuela Carballeira García, Grupo Popular.

Don Jordi Blengua Penedo, Grupo Compromiso por Guitiriz.

Don Xosé Lois González Souto, Grupo BNG.

Don Jesús Veres Vázquez, Grupo Independente-CG.

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e pásase a despachar os asuntos que integran a Orde do Día, que a continuación se indican:

#### **A) SECCIÓN RESOLUTIVA**

##### **1º.-Aprobación da acta da sesión ordinaria anterior de data 9/06/2016 e sesión extraordinaria de data 30/05/2016.**

A Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior.

Non habendo intervencións enténdese aprobada por unanimidade.

##### **2º.-Determinación dos días festivos locais para o ano 2017.**

A proposta de alcaldía de data 18/07/2016 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 22/07/2016, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

### **“Determinación dos días festivos locais para o ano 2017.**

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Tendo en conta que a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar ten que confeccionar o calendario laboral do ano 2017 para o que precisa que os concellos lle comuniquen os días festivos locais en cada municipio, segundo escrito de data 10/06/2016, RE nº 2344 de data 16/06/2016.

Considerando as atribucións conferidas á alcaldía e ao Pleno da Corporación conforme aos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 de 2 de Abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar os seguintes dous días festivos locais no Concello de Guitiriz para o ano 2017:

- Martes de Antroido, 28 de febreiro.
- Sábado 24 de xuño, San Xoan.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo con carácter de urxencia á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.”

**Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.**

### **3º.-Ordenanza municipal reguladora da administración electrónica.**

A proposta de alcaldía de data 18/07/2016 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 22/07/2016, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

#### **“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACION ELECTRONICA**

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía de data 19/07/2016 iniciouse o correspondente expediente para aprobar unha nova ordenanza reguladora da administración electrónica axustada a nova normativa que entra en vigor no mes de outubro, e que recolla con todas as implicacións xurídicas e particularidades técnicas da nova plataforma de administración electrónica (“Gestiona”) instaurada por este Concello dende o mes de xuño, o novo enderezo da sede electrónica municipal, o funcionamento do rexistro electrónico, as notificacións electrónicas, etc...

A entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (o próximo 2 de outubro de 2016) implica que todas as administracións públicas deben adecuar á mesma todos os procedementos

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

administrativos para a súa tramitación telemática antes de dita data, o que suporá, entre outras cosas, a substitución paulatina dos expedientes en formato papel por expedientes electrónicos.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/03/2016 adjudicouse á empresa "Auloce, SAU" o contrato menor de "Servizo de implantación e mantemento da plataforma de administración electrónica "Gestiona" nas dependencias municipais" para a prestación do servizo mediante unha plataforma que facilita a xestión por medios electrónicos dos procesos administrativos e a adaptación desta administración á lexislación reguladora da administración electrónica. A plataforma componse dos módulos de Xestión Administrativa, Sede Electrónica, e Interoperabilidade.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 19/07/2016, e borrador da ordenanza redactado polo servizo municipal de secretaría.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da administración electrónica que se incorpora como Anexo I ao presente acordo, adaptada á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que entrará en vigor o próximo 2 de outubro de 2016.

**SEGUNDO.-** Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a ordenanza se considerará definitivamente aprobada.

Aberto o debate pola presidencia (...) o voceiro do grupo PP di que Estamos de acordo coa implantación da plataforma é administración electrónica porque é una ferramenta indispensable para todos os procesos administrativos. Di que nesta ordenanza que contempla 21 artigos temos que destacar algún dos artigos como é o número 15 onde di que se permitirá a presentación de solicitudes, escritos, comunicacións, etc., todos os días do ano as 24 horas. Hai que destacar que é unha ordenanza moi ampla. Agradece o traballo da empresa AULOCE xa que nos facilitou unha información personalizada para acceder a dita plataforma electrónica.

O voceiro do grupo CxG agradece en nome de CxG o traballo realizado por parte de toda a administración local; Secretario, Interventor, alcaldía, equipo de goberno, grupos políticos e todo o corpo de funcionarios do concello. Sinala que era un reto moi importante conseguir a implantación da administración electrónica, coa présa que obrigaba a Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento común das administracións públicas marcando como data tope o próximo 2 de outubro ao entrar en vigor dita lei que implica que todas as administracións públicas deben adecuar todos os procedementos administrativos para a súa tramitación telemática antes de devandita data. Por tanto estase cumprindo os prazos quedando a partir deste pleno a publicación no BOP e no taboleiro de edictos, e se non hai alegacións daremos por finalizado o proceso. Do cal debemos estar todos moi satisfeitos.

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

En canto á ordenanza en si, é unha ordenanza tipo que proporcionaría a propia empresa Auloce SAU, que coas conseguíntes adaptacións do equipo redactor ás nosas características o resultado dende o meu punto de vista, é claro, nítido, cubrindo nos diferentes capítulos demde os principios básicos, sistemas de identificación, a sede electrónica cos seus contidos e catálogos, o rexistro electrónico e as súas funcións, as notificacións electrónicas e a xestión electrónica dos procedementos cun total 21 artigos e cinco disposicións adicionais que cobren perfectamente os puntos importantes de seguridade e protección de datos. Polo que desde Compromiso non hai ningunha obxección a esta ordenanza e o total apoio.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo coa ordenanza e recalca que hai algún documento que ven en castelán.

O voceiro do grupo Independente-CG di que lle parece ben a ordenanza.

A Sra. Alcaldesa di que a implantación está en proceso e que están contentos co traballo da empresa e coa formación aos traballadores e aos concelleiros, de modo que toda a Corporación xa pode ter acceso a os expedientes coa súa clave. Felicita aos traballadores municipais, ao secretario e ao interventor, a Eva Carro e as dúas administrativas de rexistro que xa non utilizan case papel.

**Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.**

### **B) SECCIÓN DE CONTROL**

#### **4º.- Dación de conta de comunicados oficiais e resolucións de alcaldía:**

**4.1. Dar conta das resolucións de alcaldía que están a disposición dos concelleiros na plataforma "Gestiona".**

**4.2. Dar conta de comunicados oficiais.**

A Sra. Alcaldesa da conta dos seguintes asuntos:

-O convenio coa Confederación Hidrográfica terá que pospoñer para o ano 2017 porque o Goberno central pechou os orzamentos a metade de ano o que impide sacar novos contratos, de modo que tramitarase este ano para executalo a principios de 2017.

-A Deputación de Lugo asumirá un 20% do que se estaba pagando dos GES, polo que o Concello aforrará 50.000 euros a partir de agora.

-O POS triplicouse este ano, cun importe de case 80.000 euros, e vaise adxudicar de inmediato e comprar unha máquina para desbrozar máis rápido.

-A Deputación incrementa a aportación do SAF a 25.000 euros, e concede unha subvención de 6.000 euros para a implantación da administración electrónica, de 60.000 euros para un plan de emprego, e 37.000 euros para aforro enerxético en instalacións municipais. Di que todas estas axudas outórganse como o POS en función de parámetros obxectivos como a poboación, extensión territorial , etc...

---

### Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

### 5º.- Mocións:

#### **5.1.Moción do grupo CxG para o desenvolvemento e promoción do senderismo como oferta turística no Concello de Guitiriz.**

A moción que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 22/07/2016 é a seguinte:

#### ***“Moción para o desenvolvemento e a promoción do sendeirismo como oferta turística do Concello de Guitiriz.***

*Debido á grave crise económica que estamos atravesando e ás diferentes dificultades económicas tanto no noso Concello como en todo o rural, vémonos obrigados desde CxG a tomar certas iniciativas que polo menos poidan servir para no medio-curto prazo saír deste letargo económico no cal estamos encasillados. E para iso aproveitando o noso propio medio natural no que nos atopamos presentamos esta moción como unha iniciativa de desenvolvemento económico para Guitiriz.*

*Durante moito tempo ignorado ou subestimado, o turismo de sendeirismo considérase como unha gran baza para o desenvolvemento local. Constituindo actualmente unha actividade amplamente estendida entre a poboación, pasando do lecer informal a unha verdadeira formulación turística, que pode xerar repercusións económicas a nivel local. Pero antes de comprometerse nunha operación de turismo de sendeirismo, os axentes locais deben preguntarse sobre as formulacións estratéxicas de base. A avaliación do potencial turístico do Concello é requisito previo esencial. A vitalidade e a amplitude da demanda, a simplicidade aparente da actividade, a discreción dos condicionamentos necesarios non deben crear falsas expectativas. O desenvolvemento do turismo de sendeirismo esixe unha forte implicación de todos os axentes tanto privados como públicos. Máis que unha simple ruta, o turista-senderista consome unha rexión, comarca ou concello a través das súas paisaxes e a súa identidade, duns itinerarios adaptados e duns servizos ofrecidos antes, durante e despois da súa actividade. Por tanto corresponde aos axentes locais, conxuntamente, reflexionar con obxecto de atraer unha clientela dun mercado segmentado, para concibir un produto complexo e coherente, cunha ordenación realizada con rigor, para despois informar o produto ofertado, así como pór en funcionamento uns servizos adaptados á devandita oferta.*

*En conclusión débese vender un produto turístico e por conseguinte a venda dun produto organizado débese efectuar nos circuítos apropiados, actualmente en plena evolución, isto tal vez sexa o máis complicado, a posta no mercado deste produto turístico que o propio cliente debe construír á carta, xa que o sendeirismo ten varias modalidades como son o itinerante dunha ou media xornada, o sendeirismo deportivo de terreo accidentado ou de ritmo intenso, o sendeirismo de paseo, etc. Hai que saber que por exemplo en moitos países de tradición senderista, as mulleres representan máis do 50% dos practicantes, así como o grupo máis grande por idade son os maiores de 50 anos, e o segmento máis numeroso son os que practican sendeirismo familiar.*

*Hai que ter en conta que entre outras motivacións do sendeirismo atópase a procura dunha contorna intacta ou preservada. Ademais do benestar físico dentro dunha actividade de esforzo físico moderado practícase sen ningunha contraindicación, ao*

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

*contrario do running ou jogging por exemplo. Pero una das partes máis interesantes deste tipo de turismo é o "descubrimento" da zona, ao camiñar descobre o concello, modos de vida, o patrimonio natural, cultural, histórico, etc.*

*Todo ou case todo pode ser un pretexto para o seu descubrimento como é o coñecemento e divulgación de cara ao exterior do concello, desde a súa gastronomía, as súas festas, o termalismo, as súas igrexas e capelas, produtos da zona, etc.*

*O sendeirismo é unha actividade que cumpre á perfección o baixo impacto e respecto ao medio natural, e converteuse nun reclamo turístico de primeira orde. Os carreiros sinalizados manteñen e recuperan antigos viarios que os nosos antepasados utilizaron para comerciar e comunicarse e discorren en lugares de alto nivel ecolóxico. O coñecemento da xeografía, o relevo e a paisaxe conxuntamente coa percepción sobre o terreo dos costumes e cultura dos habitantes do medio rural achegan un valor engadido a este tipo de turismo.*

*Unha boa planificación das redes de carreiros actuará como revulsivo socioeconómico en toda o concello, así como polas áreas rurais por onde transcorren os percorridos. Recuperarase o patrimonio viario tradicional, haberá demanda no sector servizos, distribuírse os fluxos turísticos por todo o termo municipal, e durante todo o ano e non en períodos vacacionais concretos en datas. Ademais, aos poucos creará unha actividade económica que como efectos colaterais implicará fixar poboación no noso termo municipal.*

*Desde Compromiso por Guitiriz opinamos que é necesario este tipo de iniciativas que proporcionan unha actividade económica, aínda que en principio sexa a pequena escala, pero que é un punto de partida para ofertar o tan demandado "turismo verde" e que permite o desenvolvemento económico do rural a partir dos recursos naturais que se dispoñen, e que abrirían as portas a outras iniciativas como son rutas de BBT (mountain bike), rutas dacabalo, turismo ornitolóxico, termalismo, etc.*

*Polo exposto o Grupo Municipal Compromiso por Guitiriz solicita ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:*

*-PRIMEIRO: Realizar un mantemento integral (limpeza, roza, sinalización, etc.) do tres rutas senderistas xa existentes; "Ruta da Auga", "Ruta da auga e da pedra" e "Ruta do pantano de San Xoán".*

*-SEGUNDO: Iniciar un proxecto de sendeirismo global no concello. Que inclúa non só o seu deseño, senón ademais acondicionamento de novas sendas, sinalización, mantemento, ademais de diferentes graos de dificultade e de distancia, e por suposto que abarque ás diferentes parroquias.*

*-TERCEIRO: Información e publicidade, como elementos esenciais para o desenvolvemento da actividade, así como a produción de soportes para a promoción do sendeirismo de Guitiriz, en circuitos adecuados para o noso desenvolvemento turístico."*

*Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que estamos ante unha moción a cal nós apoiamos. Pero debido a súa amplitude consideramos necesario*

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

puntualizar unhas cuestións:

As rutas das que dispoñemos no Concello de Guitiriz son as seguintes:

- Ruta da Auga
- Ruta da Auga e da Pedra
- Ruta do Pantano de San Xoán
- Dúas bifurcacións que nos comunican co Camiño de Santiago

No PP de Guitiriz creemos que estas rutas son máis que suficientes para un Concello como o noso. No que si facemos fincapé é na súa conservación, limpeza e mantemento. Xa que o noso grupo de goberno foi criticado por non o facer correctamente. Agora nós recriminamos que ditas rutas encontrásemos nun estado lamentable. Con fochancas, o firme deteriorado, maleza, as pontes están medio derrubadas, hai falta de sinalización, etc. Queremos conservar o que xa temos. Aumentar outras rutas repercutiría economicamente no Concello, se se segue esta dinámica de abandono das rutas. O que si vemos necesario para o noso Concello é promover e ampliar a publicidade da vila para atraer a máis visitantes. Cada vez hai menos poboación. Os turistas que visitan o pobo e os arredores ven un aspecto moi descoidado da nosa vila. Tanto en estradas como en camiños a pé. Debemos traballar nesto, para que os turistas que nos visiten marchen cunha sensación agradable e repitan a visita ou quizás atraian a outros visitantes.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo coa moción.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo.

A Sra. Alcaldesa di que está de acordo coa moción porque xa o están facendo. Di que primeiro hai que homologar as rutas e que a ruta da Auga xa está homologada. Sinala que olvidouse do camiño de Santiago que é Patrimonio da Humanidade e que a ruta do Pantano non é do Concello, que a fixo Medio Rural e poderíase homologar pero lle falta a sinalización. Di que están facéndose cousas pouco a pouco.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo CxG di que a moción pide abrir máis a oferta e mantemento das rutas que hai para fomentar o turismo, xa que Guitiriz ten moitas posibilidades e isto ten aceptación, e que é importante colocar a oferta en plataformas de turismo para darse a coñecer.

O voceiro do grupo PP di que é importante o mantemento do que xa temos.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo co voceiro do PP e que é mellor manter ben as rutas que xa temos e si pódese facer algunha nova mellor.

O voceiro do grupo Independente-CG di que os tractores transitan pola ruta de Díaz Castro e así é difícil de manter. Di que está a favor da moción.

A Sra. Alcaldesa di que este ano non estaban os GES e que cando se desbroza pronto hai que desbrozar dúas veces.

**Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.**



## Concello de Guitiriz

---

### **5.2.Moción do grupo BNG para solicitar a Fomento a cesión da parte axardinada da estación de ferrocarril de Guitiriz.**

A moción que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 22/07/2016 é a seguinte:

#### **“MOCIÓN PARA SOLICITAR A FOMENTO A CESIÓN DA PARTE AXARDINADA DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE GUITIRIZ**

*Exposición de Motivos:*

*Dende hai anos a estación de RENFE de Guitiriz está pechado o público para o despacho de billetes os usuarios do tren, e en un estado de abandono que co paso do tempo se acentúa cada vez máis.*

*No seu entorno existen na actualidade un espazo con xardíns e asentos que tamén se están a deteriorar ano tras ano, que se usan cada vez menos polos veciños ao estar dentro do cerrado da propia estación, e que o propio concello está a facer o seu acondicionamento.*

*Este cerrado da estación creemos que hoxe en día non ten moito sentido, e máis aínda se vemos o seu estado de conservación e deterioro progresivo.*

*Dende o BNG creemos que este espazo se pode recuperar para o disfrute e uso de todos os veciños do Concello e para a rexeneración do barrio da estación.*

*Polo exposto o BNG propón o Pleno o seguinte acordo:*

*1º.- Solicitar a Fomento a cesión de este espazo, para o seu acondicionamento de cara o público en xeral, de forma que se integre plenamente como zona verde e de lecer, e pase a formar parte do inventariado municipal.*

*O seu acondicionamento podíase facer da seguinte maneira:*

- a. Instalaríase un cerrado metálico o longo beirarrúas da vía, igual o xa existente na outra marxe da estación para garantir, a total seguridade das persoas o paso dos trens e así evitar calquera tipo de incidentes.*
- b. Eliminaríase o cerrado de balaústre existente entre estes xardíns e a antiga estrada de Mariz e acondicionaríase o espazo.”*

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que vai a apoiar a moción, que o muro está deteriorado e o valado non se poderá facer ben polas distancias e cuestións técnicas, pero que está ben que se solicite.

O voceiro do grupo CXG di que desde Compromiso por Guitiriz estamos de acordo do estado de abandono da estación e a súa contorna, e que é unha boa iniciativa o recuperar os xardíns para uso e goce da veciñanza, e como ben di a moción acondicionándoo e instalando un peche de seguridade. O que vexo máis problemático é que pase a formar parte do inventario municipal, porque acabaranse antes as obras da Sagrada Familia de Barcelona que o inventario, pero paciencia. Polo demais dicir que apoiamos esta moción.

---

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

---

O voceiro do grupo Independente-CG di que está a favor da moción.

A Sra. Alcaldesa sinala que vai votar a favor e que xa se fixeron xestións, que hai poucas posibilidades de cesión, aínda que de venta si.

O voceiro do grupo BNG di que aínda así hai que pedilo, hai intentalo.

**Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.**

### TRAMITE DE URXENCIA

**En cumprimento do disposto nos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a presidencia pregunta aos grupos municipais se teñen algunha moción para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.**

Non se presentan mocións de urxencia.

### 6º.- Rogos e preguntas.

#### ROGOS:

##### Voceiro do grupo PP:

1.- Que arranxe o furado da Rúa Tralouteiro a Nacional VI, porque supoño que saberá del?

Sra. Alcaldesa: temos a valoración para facelo.

2.- Que se arranxe o deterioro do firme da Rúa San Xosé en Parga.

3.- Que se limpe a fachada principal do centro de saúde de Parga.

4.- Rogamos que se limpen os contenedores do lixo. Primordialmente os que están cerca dos supermercados e bares.

Sra. Alcaldesa: En algúns sitios onde hai cafeterías e restaurantes lávanse todos os días.

##### Voceiro do grupo CXG:

1- Rogo que se tomen as medidas adecuadas para que calquera empresa pública cumpra co requisito da obtención da licenza de obras municipal antes de realizar calquera traballo de edificación, mantemento ou reparación. Xa como di o artigo 147 da actual Lei do Solo de Galicia do 20 de febreiro de 2016 “os actos que promovan órganos das administracións ou de dereito público estarán suxeitas a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

previa". Isto vén en relación á actuación que pretendía a empresa pública Adif na reparación do muro da vía férrea no centro urbano de Parga á altura da praza Vinteito. Xa que pretendían reparar o muro saltándose a Lei do Solo nos seus artigos 39 e 91 que emprazan a como se deben realizar as obras no rural e máis aínda nunha área de protección.

- 2- Rogo que as cuestións protocolarias deste concello como institución queden fora do xogo político e sexan unha cuestión de respecto, educación e boas maneiras. E dígoo porque o malestar provocado nas pasadas festas patronais de San Xoan era totalmente evitable. É unha norma non escrita de convidar por parte da alcaldía a todos os grupos políticos, representantes da igrexa, das forzas armadas, corpos de seguridade do estado, e demais representantes da vida pública social e cultural deste municipio. Pero para asombro de todos non foi así, e o malestar non foi só do meu grupo, senón de todos os grupos representados neste pleno. Non queremos que se nos convide a ningún catering pagado por todos os/as veciños/as, pero si que nos teñan na mesma consideración que outras persoas que si foron convidadas. E creo que aí houbo un fallo perfectamente emendable.

Sra. Alcaldesa: Fallou unha traballadora do Concello, Olga Vázquez, que era a encargada de enviar as invitacións, e había que chamar tamén para ver se as recibían. Tampouco se lle invitou ao novo sarxento e chamaron preguntando. Pido desculpas pero non asumo o erro.

- 3- Rogo que o pago a provedores téntese realizar a 30 días que neste Concello non se está levando a cabo. Segundo datos do ministerio de Facenda e Administracións Públicas, estamos nun período medio de 65,49 días (datos de Marzo do 2016). Xa sabemos que hai casos máis sangrientos que o noso e que de momento non se sanciona por iso, pero isto pode ter consecuencias á hora de solicitar subvencións ou outro tipo de axudas.

Sra. Alcaldesa: Queremos, este rogo vai para o Sr. Interventor.

### **PREGUNTAS:**

#### **Voceiro do grupo PP:**

- 1.- Cantos quilómetros temos limpos da Ruta da Auga?

Sra. Alcaldesa: Toda excepto dende O Pazo a Pardiñas.

- 2.- Cando por fin se vai a arranxar a Ponte de Parga? Recordolle que nós na etapa do Sr. Besteiro reclamámolo dúas veces e non tivemos resposta. Recordar que vostede nos tres meses de goberno do PP na Diputación, presididos por Elena Candía, vostede pideu o arranxo da Ponte de Parga. Cando estando o Sr. Besteiro no goberno non pideu nada. Qué nos di respecto a esto? O de sempre.

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Sra. Alcaldesa: Teñen o permiso de Patrimonio, falta o de Confederación.

3.- Cómo está o tema da limpeza das pistas nas parroquias? Agora é cando se ve a súa forma de traballar. Vostede sempre decía que nós non facíamos nada e é agora vostede a que non fai nada.

Sra. Alcaldesa: Está en marcha todo, tense previsto acabar en agosto.

4.- Cánto persoal ten o Concello de baixa? Algo raro pasa non?

Sra. Alcaldesa: 3 de SAF, 2 da Brigada Verde, e 2 do PAI. Non sabemos, pregúnteo a eles e aos médicos que lles dan as baixas.

5.- Incorporouse algunha persoa máis o GES?

Sra. Alcaldesa: Non, non convocáronse os cursos e teñen que facer un curso cando se convoquen. Renunciou un traballador que pediu unha excedencia por coidado de fillo e dous máis antes da toma de posesión. Vaise a convocar en agosto para setembro.

6.- Cándo o conserxe-conductor descansa quen fai o Centro de Día? Poden andar nese vehículo?

Sra. Alcaldesa: Os GES ou Protección Civil. Teñen o carne requirido e o seguro.

Voceiro do grupo PP: Que conste en acta que é un vehículo do Concello e que poden asumir responsabilidades se hai un accidente.

Sra. Alcaldesa: Hai un seguro do grupo de voluntariado, como facemos se non temos xente suficiente? Hai que buscar solucións.

7.- Por qué este ano polas Festas Patronais non se enviou invitación a corporación municipal e a outras autas autoridades?

Sra. Alcaldesa: Xa contestada anteriormente.

8.- Cánto costaron os pinchos do Día do Patrón? Foi moita xente?

Sra. Alcaldesa: 325 euros máis ou menos. Non moita xente.

9.- Xa vexo que vostede agora non traballa. A invitación a Feira dos Callos chegou dos días despois da celebración. Esta é a súa maneira de traballar.

Sra. Alcaldesa: Xa o explicamos.

10.-Abreuse o prazo de matrícula da Escola de Música?

Sra. Alcaldesa: Non, está sen concretar.

11.- A Banda ten director? Qué pretender facer con ela?

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Sra. Alcaldesa: Non, os seus compañeiros saben o que se pretende facer.

12.-Cándo vostede tivo reunión cos pais dos alumnos da Escola de Música, informoulle ós pais de que o que pretendía facer non era legal? Vostede é a persoa que nos representa neste Concello?

Sra. Alcaldesa: Non foi así, díxose que queríamos asumirse a escola de música como estaba antes, pero que a Lei non permitía contratar persoal para a escola de música e que haberían informes desfavorables. Tal e como está é insostible economicamente.

13.- Foron subsanados os problemas do alumeado público na Rúa Diputación?

Sra. Alcaldesa: Non foi adxudicado o proxecto, vaise a subsanar.

14.- Pagouse o alquiler ó propietario da finca que permite o paso da Casa da Botica á rúa Río Forxá, cando se vai arranxar algo ese paso? Agora a xente non lle protesta, que suerte ten, non teñen quen os encacine.

Sra. Alcaldesa: Non poido contestar, vaise a pagar. Xa arranxouse varias veces.

15.- Vanse limpar as beirarrúas?

Sra. Alcaldesa: Se está facendo.

16.- Qué pensa facer na pista do Balneario coas fochancas que ten?

Sra. Alcaldesa: Esta adxudicada xa, a Blanco Trigo, tamén a obra do muro de Sta Mariña, e o saneamento no Río Forxá e o Plan de mellora de camiños a Cholo.

17.- Segue coa perrera? Cánto supón de gasto para o Concello?

Sra. Alcaldesa: Segue o espazo onde gardar os cans, hai un, o gasto o miraremos para o seguinte Pleno. O levamos a unha protectora.

18.- Cómo está o da empresa que pretendía instalar o da plantación na granxa de Sta. Leocadia?

Sra. Alcaldesa: Creo que está descartado, non se pode facer, a Xunta pon pegas, non se pode facer un gueto para os traballadores. Para a plantación ninguén lle pon pegas.

19.- No anterior pleno se lle fixo unha pregunta referente a contratación do persoal no PAI (sobre as renuncias). E Vd. Contestou, Si como todo renunciaron 13. Visto o expediente vemos que foron algunhas desas renuncias por teléfono, pero algunhas delas non estaban contestadas nin por teléfono. Que conste en acta se as renuncias foron contestadas por escrito.

Sra. Alcaldesa: Foron por escrito, a funcionaria responsable desto non acepta ningunha renuncia que non estea por escrito. Dixo que interpretaron algo mal, poden ir a falar con ela e ver as renuncias.

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

### Voceiro do grupo CXG:

1-Na carreira solidaria do pasado 2 de maio, á pregunta, Cantos cartos se recaudaron? A Sra. Alcaldesa contestou que aproximadamente uns 1800 euros e que os inchables os pagou o concello, quedou pendente de contestación canto custou o aluguer de devanditos inchables.

Sra. Alcaldesa: 1.089 euros, a finalidade era de solidaridade e convivencia entre centros.

2-Tambén quedou pendente de contestación o custo que tivo para as arcas municipais a Xuntanza da terceira idade que se realizou o pasado 5 de maio no balneario. Podería dicirnos agora a contía?

Sra. Alcaldesa: 3.025 euros a carpa e 9.632 euros a comida (máis de 600 persoas a 16 euros por persoa)

3-Podería aclarar un pouco máis porque o Concello de Guitiriz quedou fóra dos 19 talleres de emprego convocados pola Xunta para 51 municipios de Lugo?

Sra. Alcaldesa: E imprescindible ir con outros Concellos e Begonte descolgouse con Friol.

4-No pleno pasado á pregunta que lle fixen; Como están as xestións para a colocación de publicidade no pavillón de deportes? Vostede contestou que a empresa non atopa clientes, os prezos son altos. Pois ben eu coñezo polo menos cinco empresas interesadas en colocar a súa publicidade no pavillón, non haberá algún outro tipo de problema?

Sra. Alcaldesa: Diga que empresas son e falaremos con elas.

5- En que situación se atopan os recursos de reposición de legalidade? (Curro Vello, Ansede, etc)

Sra. Alcaldesa: Están impoñéndose multas coercitivas nos dous casos. Din que arranxaran o de Ansede e o terá que ir a ver o técnico.

6- Están en contacto coa consellería de Medio Ambiente para solucionar o tema da praga de perca negra ou black bass do lago de O Barreiro?

Sra. Alcaldesa: Si, faremos unha reunión para ver que se vai facer.

7- Coñécese finalmente o método que va utilizar a consellería para exterminar esta especie invasora?

Sra. Alcaldesa: Non aínda.

8- Pode informar como se atopan as negociacións da Xunta, a Fegamp e a Confederación de empresarios da madeira (Confemadera) para a confección da ordenanza tipo que regulará as actividades de corta e saca de madeira dos montes, a

---

### Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

través de pistas e camiños de propiedade municipal?

Sra. Alcaldesa: Estase elaborando, pediuse aos concellos que amandaran para facer un refundido.

9- Como concello interesado no tema e por ser membros da Fegamp. Teñen pensado realizar algunha achega ou no seu caso alegación en defensa dos intereses municipais?

Sra. Alcaldesa: Non, mandaremos a nosa.

10- Tiveron algún tipo de contacto coas diferentes comunidades de montes deste concello en relación a este tema?

Sra. Alcaldesa: De momento non, máis adiante.

11- Cal foi a solución que acordaron finalmente cos equipos de fútbol sala das escolas deportivas?

Sra. Alcaldesa: Mantense todos.

12- E coa Escola de Música cales son as decisións tomadas? (se o externaliza, vai en contra do que propuxo no seu programa electoral no que lle lembro dicía que recuperaríaa dirección e xestión municipal da escola de música).

Sra. Alcaldesa: Xa contestada.

13-Xa están cubertas as tres prazas do GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal)?

Sra. Alcaldesa: Xa contestada.

14-Como é que tendo coñecemento hai un ano da xubilación da funcionaria ao cargo da contabilidade do concello, e máis nun posto tan sensible para o funcionamento municipal, atopémonos agora que a praza está sen cubrir?

Sra. Alcaldesa: Non exactamente, non vaise a retrasar o traballo, quérese reconvertir esa praza e hai que facelo na RPT

15-Ten información sobre se chegaron algún tipo de acordo de financiamento e de actuación a Deputación e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para preservar os frescos da Igrexa de San Vicente dos Vilares?

Sra. Alcaldesa: Hai unha asociación intentando recuperar frescos en Guitiriz, hai unha cita coa nova Deputada de Cultura da Deputación de Lugo.

16- A principios de decembro do ano pasado tivo lugar unha reunión entre membros da corporación de Guitiriz, de Muras e dos sindicatos agrarios para impulsar unha loita contra o catastrazo. Que se conseguiu de todo aquilo?

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

Sra. Alcaldesa: Non se conseguiu nada, é inamovible, estaba adxudicado dende Madrid, pretendíase non ter que pagar os 60 euros polas taxas.

17- Houbo máis reunións?

Sra. Alcaldesa: Non.

18- Consequiron que se lles unisen máis concellos en defensa desas propostas?

Sra. Alcaldesa: Non conseguíuse nada.

19- Contactaron coa Fegamp para defender os intereses do rural ante unha das maiores cacicadas fiscais dos últimos tempos?

Sra. Alcaldesa: Si, contactamos coa FEGAMP pero non poido facerse nada.

20- Como se atopan os contratos para o mantemento de pistas?

Sra. Alcaldesa: Non están aínda todos, invitáronse a 4 empresas.

21- Entre as atribucións dos membros de Protección Civil está a de conducir a furgoneta que leva aos usuarios do Centro de Día?

Sra. Alcaldesa: Non sei, son voluntarios.

22-Estase a gravar esta sesión plenaria?

Sra. Alcaldesa: Non.

### **Voceiro do grupo BNG:**

1.- E hora de facer balance do primeiro ano de lexislatura cree vostede que mellorou o Concello de Guitiriz desde que volveron o goberno, díganos que foi o que mellorou.

Sra. Alcaldesa: Non todo o que eu quisiera, nin a metade, pero algunhas cousas si.

2.- Un ano máis e a Casa da Botica en un estado cada vez máis lamentable, e co famoso convenio asinado por vostede hai cinco anos coa Deputación de Lugo caducado, que nos pode dicir ao respecto.

Sra. Alcaldesa: Seguemos esperando a que se aprobe o PXOM, pedíronse informes técnicos á aparelladora do Concello, a SUPLUSA, e a un arquitecto da Deputación para sacar unha conclusión e ir avanzando.

3.- Como están os informes que solicitou a Xunta para completar o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Sra. Alcaldesa: Pedíronse todos, viñeron algúns, falta tamén o ISE.

4.- Ten capacidade o Punto de Atención a Infancia para albergar a todos as nenas e

---

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

---

nenos que este ano solicitaron este servizo.

Sra. Alcaldesa: Si, non se collen máis da capacidade existente de 20 nenos ao mesmo tempo.

5.- Avanzouse algo, ou como está a situación do derribo do muro por parte do veciño do Curro Vello, presentou a licenza municipal de construción deste muro que se lle solicitou.

Sra. Alcaldesa: Xa contestada.

6.- Cando comezan as obras no Paseo do Boedo.

Sra. Alcaldesa: Xa contestada.

7.- Sabe vostede como están os puntos de recollida de plásticos agrícolas.

Sra. Alcaldesa: Si, é imposible mantelos, recóllense máis de 3 veces ao ano, hai que concienciar á xente.

8.- Cre vostede que este Pleno ten o contido suficiente e necesario para debate, que se podía prescindir deste Pleno, ou cre vostede que se están delegando demasiados asuntos na Xunta de Goberno.

Sra. Alcaldesa: E un Pleno ordinario, hai que celebralo, había máis expedientes pero non se finalizaron e irán ao seguinte Pleno. Ningún asunto do Pleno é asumido pola Xunta de Goberno Local.

### **Voceiro do grupo Independente-CG:**

1.-A estatua de Díaz Castro está manchada, vai a lavase?.

Sra. Alcaldesa: Temos dúbidas, o granito de velloponse así, preguntaremos a Patrimonio da Deputación.

2.- Sobre Catastro, xa foi contestada, pero habería que mirar para favorecer un pouco a esta xente para que paguen o mínimo.

Sra. Alcaldesa: Xa está o mínimo.

3.- Como están as subvencións as asociacións?

Sra. Alcaldesa: Van a saír unhas bases para que as asociacións as poidan pedir.

4.- Cando vaise a pagar aos contratistas as obras pendentes?

Sra. Alcaldesa: Esta xa feito o informe que se pediu á Deputación, falta o informe técnico e o de intervención, en canto estean traeranse ao Pleno.

5.- Vaise poñer paneis para carteis polas aldeas?

---

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

---

Sra. Alcaldesa: Intentarase.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21.50 horas, de todo o que como secretario dou fe.

A alcaldesa  
Regina Polín Rodríguez

O secretario  
Rafael del Barrio Berbel